

Proba de galego do proceso selectivo para a provisión de tres prazas en réxime laboral por quenda libre, unha delas reservada para persoas con discapacidade, de oficial de mantemento segundo a OPE do Concello de Vigo dos anos 2017, 2018 e 2019 (3ª fase da convocatoria)

Lea atentamente os enunciados e responda ao que se lle pregunta. A cada pregunta só lle corresponde unha resposta correcta.

Este exercicio consta de 20 preguntas. Cada pregunta contestada correctamente suma 0,10 puntos para poder acadar un máximo de 2 puntos na puntuación final.

1. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
 - a) Onte falei con meu pai.
 - b) Miña muller traballa toda a tarde.
 - c) Meu Deus!
 - d) **Todos os enunciados son correctos.**

2. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:
 - a) Gústame a casa da varanda vermella.
 - b) **Pintou a porta cun berniz sintético.**
 - c) Esa vaixela é un pouco cara.
 - d) Contratou unha avogada para saír do apuro.

3. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:
 - a) Cando cheguei, vin que a porta estaba aberta.
 - b) Cando teña tempo, irei verte.
 - c) Recollín a cociña mentres os nenos durmían a sesta.
 - d) **Encanto entrei na ducha, sonou o telefono.**

4. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
 - a) **O pavillón municipal está próximo á zona do Berbés.**
 - b) O pavillón municipal está proximo a zoa do Berbés.
 - c) O pavellón municipal está proximo na zoa de O Berbés.
 - d) O pabellón municipal está próximo á zona de O Berbés.

5. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:
 - a) Xa lle dixen que non tiña un metro de carpinteiro.
 - b) **Ninguén deume a resposta correcta.**
 - c) Algo me di que isto non está ben.
 - d) Tróuxome todo o que lle pedira.

6. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
 - a) María ten a costume de ler en seus viaxes e sempre vai con pouca equipaxe.
 - b) María ten o costume de leer nas súas viaxes e sempre vai con pouco equipaxe.
 - c) **María ten o costume de ler nas súas viaxes e sempre vai con pouca equipaxe.**
 - d) María ten a costume de leer nos seus viaxes e sempre vai con pouco equipaxe.

7. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:
 - a) Acabas de chegar e xa pensas saír de novo?
 - b) Por fin rematei de poñer o pavimento!
 - c) Anda buscando un piso no centro.
 - d) **Nada mais chega á oficina, ponse a dar órdenes a todos.**

8. Sinale cal destes enunciados é o correcto:

- a) **Antón non é tan listo como din por aí.**
- b) Andrea estuda tanto como min.
- c) Carlos traballa menos do cá pensa.
- d) Ningún dos enunciados é correcto.

9. Sinale cal destes enunciados é o correcto:

- a) Non o ves? Ven pola estrada o pai da tua xefa.
- b) Nono vés? Ven pola carreteira o pai de tua xefa.
- c) Non o vés? Vén por a estrada o pai de túa xefa.
- d) **Non o ves? Vén pola estrada o pai da túa xefa.**

10. *O irmán compostelán do meu avó quere ser vigués.* Se queremos escribir este enunciado en feminino, cal destas opcións é a correcta?

- a) A irmán compostelana da miña avoa quer ser viguesa.
- b) A irmá compostelana da miña avoa quer ser viguesa.
- c) A irmán compostelá da miña avoa quere ser viguesa.
- d) **A irmá compostelá da miña avoa quere ser viguesa.**

11. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:

- a) Que é isto? Non entendo nada.
- b) Estas lentes son graduadas.
- c) **Estos son os que procuraba.**
- d) As cadeiras esas comprámolas nas rebaixas.

12. Sinale cal destes enunciados é o correcto:

- a) **O primeiro mércores do mes de setembro rematan as obras da cidade.**
- b) O primeiro mércores do mes de setembro rematan as obras da cidade.
- c) O primer miércoles do mes de setembro rematan as obras da ciudadá.
- d) O primer mércores do mes de setembro rematan as obras da cidade.

13. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:

- a) Cunhas reclamacións estamos de acordo, con outras non.
- b) **Cada fin de semana sae cunha, non quere volver a namorarse.**
- c) Tanto se comprometía con un coma con outro.
- d) Todos os enunciados son correctos.

14. Non veu á clase toda a semana. Que _____ ?

- a) estalle a pasar
- b) lle pasaba
- c) **lle pasaría**
- d) pasaralle

15. - Sara, ultimamente chegas sempre tarde.

- _____ chego tarde? Eu _____ .

- a) **Que / non diría iso**
- b) Que / non o faría
- c) Se / non penso
- d) Como / non sei

16. - Síntoo, pero o vindeiro mes deixo os estudos de carpintaría.

- E _____ dicir antes?

- a) só mo puidiches
- b) non me querías
- c) como non me podías
- d) **non mo puidiches**

17. Non _____ posible que a xente _____ semellantes propostas.

- a) parece / acete
- b) pareceu / aceitase
- c) parecíame / aceptase
- d) **parecía / aceptase**

18. O último libro que lin _____ pola escritora que máis me gusta.

- a) se escribiu
- b) escribiuse
- c) realizouse
- d) **foi escrito**

19. _____ as persoas que falan todo o tempo e non saben escoitar os demais.

- a) Son de nervios
- b) Irrítame
- c) **Póñenme nerviosa**
- d) Póñenme nerviosas

20. Nuria _____ dende a madrugada. Está esgotada por tanto esforzo.

- a) quere dormir
- b) **leva traballando**
- c) adoita chegar
- d) prefire traballar

Preguntas de reserva:

1. Sinale cal deste enunciados é o correcto:

- a) **Pararon a encher o depósito da moto naquela gasoleira.**
- b) Pararon a encher o depósito da amoto en aquela gasoliñeira.
- c) Pararon a hencher o depósito da moto naquela gasoliñeira.
- d) Pararon a hencher o depósito de a moto en aquela gasoleira.

2. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:

- a) Deunos o diñeiro que faltaba.
- b) Todos os días facía o mesmo.
- c) Fomos eu e mais a tía de Antía.
- d) **Todos os enunciados son correctos.**

3. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:

- a) Cales cres que son as axeitadas?
- b) Quen cho ía dicir!
- c) **Cál lle emprestaches?**
- d) As opcións a) e b) son incorrectas.